

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de outubro de 2021
Duración	Desde as 20:34 ata as 23:15 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelía Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ



Ángela Valcárcel Bernárdez

NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcaldesa: Boa tarde a todos e a todas a este primeiro pleno, recuperamos o aforo para poder celebrar os plenos aquí, é verdade que o día non acompaña e posiblemente por iso non teñamos público. Darlle a benvinda ás persoas que nos seguen dende as casas e a toda a Corporación a esta sesión plenaria.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Acta sesión número 2021/12, ordinaria de 26 de agosto de 2021

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/12, ordinaria de 26 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Alcaldesa: Na páxina 25 no segundo párrafo onde pon "*Isto era o que eu dicía no pleno de 24 de xuño pero esta era a mesma resposta*" eu dixen "*Isto era o que eu dicía no pleno de 24 xuño pero esta era a miña resposta*".

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/12, ordinaria de 26 de agosto; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE Concelleiros presentes nesta sesión.

Expediente 2613/2021. Aprobación do expediente de transferencia de créditos núm. 1/2021.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: Boas tardes a todos, compañeiros de corporación, veciñanza que nos ve dende as súas casas, a pesares que como dicía a Alcaldesa recuperamos a presenza do público neste salón de plenos supoño que a maioría se acomodarán ao sistema de vernos a través das pantallas.

A primeira modificación do orzamento aprobado no mes de febreiro, trátase dun expediente moi sinxelo, está formado pola memoria, na que se explica o que se



pretende facer, que neste caso é transferir crédito dunhas partidas para outras e informe de intervención que neste caso é favorable. Como xa sabemos todos, o orzamento é unha previsión de gastos e ingresos e como previsión que é, as propias bases de execución permiten que o crédito dispoñible se poida vincular dentro das mesmas áreas de gasto e incluso por Decreto de Alcaldía se transfira crédito dunhas áreas para outras, sen embargo hai certas partidas que están blindadas. Unha vez pasada a aprobación plenaria non poden destinarse a ningunha outra cuestión que non fora a aprobada. Isto sucede no capítulo VI, capítulo de inversión que ademais de recollese no apartado de gastos se recolle un anexo con cada unha desas inversións previstas. No caso que nos ocupa, fíxose unha previsión de inversión cuns orzamentos mais ou menos axustados e nalgún caso o gasto finalmente executado foi menor ao que se recollía na partida e polo tanto houbo partidas que teñan sobranse, sen embargo hai outras que se quedaron escasas, en concreto a partida na que se recollía a obra de saneamento, dotamos esa partida con 25.000€, a idea era facer catro obriñas e desafortunadamente eses 25.000€ se quedaron escasos. Tendo a posibilidade de reinvestir sobranse que hai noutras partidas, que finalmente custaron menos do previsto ou que por algunha razón non se levaron a cabo, está na memoria as nove partidas das que se pretende transferir crédito na maior parte dos casos é porque houbo un sobranse, se executou e o gasto foi menor do previsto e outros casos que non se chegou a executar, un porque se conseguiu financiación por outra vía e non fixo falta acudir aos fondos municipais e outro porque era unha previsión para o gasto dunha subvención e finalmente non houbo esa subvención e a nosa aportación non era suficiente para levar a cabo o proxecto, que era o caso do miradoiro. Destas nove partidas, este sobranse, que como digo, son casi 40.000€, 39.948€ e toca facer xestión económica, aproveitar os nosos recursos ao máximo e plantexar esta modificación para poder facer esas obras que estaban inicialmente previstas, xa que no caso contrario estes 40.000€ non se van poder destinar a outra cousa.

Aproveitando esta modificación tamén vamos a corrixir un erro doutra partida do capítulo IV que é o gasto para facer fronte ao convenio da Comunidade de Montes de Parderrubias pola xestión do Penedo Redondo, se había previsto no capítulo IV a cantidade sen IVE e aproveitando esta modificación corrixímolos e queda correctamente dotada e sería 1098,17€ para esa aportación do IVE do pago da factura de cesión e 38.850,18 para implementar a partida prevista de obras de saneamento. O expediente ten informes favorables, e toca axustar os gastos para facer unha mellor disposición deles.

Sr. Núñez Troncoso: Boas noites a todos e a todas, e tamén ao veciños que nos ven a través de youtube. Estamos ante un expediente de transferencia de crédito, en concreto unha transferencia de crédito de 39.900€ que realmente é un trasvase entre partidas, sobre todo partidas do capítulo seis de inversións, neste caso se minoran unhas partidas e se incorpora ese crédito a outra partida que tal como dixo a Concelleira foi orzamentada non moi ben. A partida favorecida neste caso son obras de saneamento que nós sempre estivemos de acordo que é unha prioridade no noso



Concello, sempre dixemos que o saneamento é unha das prioridades, saneamento, por certo, que non financia só o Concello, senón que os propios veciños onde se fai esa obra fan a súa aportación pouco realista pero é a realidade, e despois teñen que pagar a súa taxa de enganche e a súa taxa de residuos. Como dicía, as obras de saneamento se ve que para o Goberno municipal non é unha prioridade. Nós estamos de acordo con esta transferencia, xa nos gustaría que quitaran doutras partidas que non son prioritarias e que todo o mundo temos claro cales son.

Fai menos de sete meses aquí se aprobou o orzamento inicial, contemplaron unha serie de partidas de inversións que agora resulta que non se van a aplicar o crédito que tiñan previsto inicialmente, iso di moito tamén de como se xestiona, de como se elabora o orzamento. Insisto, en que leven as obras de saneamento estamos perfectamente de acordo. Vostedes no orzamento tiñan contemplado 25.000€ para obras de saneamento, catro obras nos dixo aquí na Comisión, obriñas lle chamaron, para nós son obras porque aínda que afecte a unha sola casa é unha obra importante polo tipo de servizo que se vai a prestar. Estes 25.000€ agora hai que incrementalos en 38.000€ a maiores, ou sexa un 155% mais da previsión que vostedes tiñan. Ao final vamos ter razón, a veces hai partidas que se poñen cantidades aleatorias sen ter ningún dato en onde ampararse. Temos claro que orzamentar unha obra é moi difícil axustala, pero un 155% ese é marxe de erro mais que suficiente a hora de facer o orzamento desa obra. Nós estamos de acordo con esta transferencia de crédito, nos gustaría que se quitara o crédito doutras partidas, o goberno decide quitalas desta, pois non hai nada mais que dicir, a nosa votación vai ser favorable.

Sr. González Coto: Boas noites a todos e a todas e aos veciños que nos están seguindo a través do canle de youtube. Como ben explicou a Concelleira de Facenda na súa exposición que levamos aquí hoxe, neste punto a posibilidade que temos é a de transferir crédito do orzamento deste ano entre áreas non vinculadas, polo tanto entre esas áreas non vinculadas o que podemos aproveitar para afrontar os pagos de obras de saneamento que se fixeron ou que se están executando e que inicialmente tiñan partida orzamentaria pero que non chegou e tamén poder facer fronte, como dixo a compañeira, desa parte do IVE que non quedou reflectido no convenio coa Comunidade de Montes de Parderrubias pola ampliación da cesión dos terreos que temos no Campo do Penedo Redondo e basicamente o que buscamos con iso é facer fronte ao pago desas facturas nesas partidas non vinculadas e que se resolve hoxe coa transferencia de crédito.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente o que se aproba hoxe aquí é o expediente de transferencia de crédito para que ese sobranche que temos en partidas fundamentalmente de inversión pase a partidas de obras de saneamento e para cubrir o IVE desa cesión do Penedo Redondo, son 39.948,35 € cubrirán esas obras que puidemos, que tivemos ocasión de levar a cabo ou que se están executando neste momento, sabendo que temos este exceso nunhas partidas nominativas. Eu creo que isto para nada é mala xestión senón todo o contrario, teño que darlle os parabéns a compañeira de Facenda porque isto se trata de xestionar e de ir quitando,



porque se vos dades conta ata hai partidas que nos poden parecer ridículas como a de 52,60€ ou 500€ que aproveitar e facer ese traballo minucioso de que eses sobrantes que nos quedaron, que se orzamentaron pero que a agora de xestionar esa inversión se conseguiu facer por un importe menor, pois benvido sexa e que poidamos facer algunha obra mais de saneamento con estes sobrantes, eu para nada creo que é unha mala xestión senón que todo o contrario. Dou lectura a proposta seguinte:

“Visto que mediante providencia de Alcaldía instouse a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, pertencentes a áreas de gasto diferentes

Visto que se emitiu Memoria de Alcaldía en data 18.10.2021 na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que se emitiu informe de Intervención núm. 2020-0185 polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de transferencia de créditos núm. 1/2021, como segue continuación:

1.- Aplicacións que ceden crédito:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Crédito a ceder
135.629	Outras inversións novas asociadas ao funcionamento dos servizos	500,00 €
171.609	Outras inversións novas en infraestruturas	52,60 €
231.619	Outras inversións de reposición de infraestruturas	7.564,46 €
241.619	Outras inversións de reposición de infraestruturas	6.619,36 €
342.625	Mobiliario	6.285,58 €
432.609	Outras inversións novas en	7.000,00 €



	infraestructuras	
432.626	Equipos para procesos de información	7.000,00 €
454.619	Outras inversións de reposición de infraestructuras	143,12 €
920.641	Gastos en aplicación informáticas	4.783,23 €
TOTAL		39.948,35 €

2.- Aplicacións que reciben crédito:

Aplicación orzamentaria	Descripción	Crédito a recibir
160.609	Outras inversións novas en infraestructuras	38.850,18 €
323.46801	A Entidades Locais Menores	1.098,17 €
TOTAL		39.948,35€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examínelo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de transferencia de créditos núm. 1/2021, como segue continuación:

1.- Aplicacións que ceden crédito:

Aplicación orzamentaria	Descripción	Crédito a ceder
135.629	Outras inversións novas asociadas ao funcionamento dos servicios	500,00 €
171.609	Outras inversións novas en infraestructuras	52,60 €
231.619	Outras inversións de reposición de infraestructuras	7.564,46 €



241.619	Outras inversións de reposición de infraestructuras	6.619,36 €
342.625	Mobiliario	6.285,58 €
432.609	Outras inversións novas en infraestructuras	7.000,00 €
432.626	Equipos para procesos de información	7.000,00 €
454.619	Outras inversións de reposición de infraestructuras	143,12 €
920.641	Gastos en aplicación informática	4.783,23 €
TOTAL		39.948,35 €

2.- Aplicacións que reciben crédito:

Aplicación orzamentaria	Descripción	Crédito a recibir
160.609	Outras inversións novas en infraestructuras	38.850,18 €
323.46801	A Entidades Locais Menores	1.098,17 €
TOTAL		39.948,35€

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examínelo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Expediente 2843/2020. Aprobación inicial da modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal núm. 22 reguladora do Imposto de de Vehículos de Tracción Mecánica

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: Esta é unha proposta para modificar a ordenanza reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica para engadir dúas novas modificacións que se suman a xa existente para os vehículos de mais de 25 anos de antigüidade. Neste caso, na defensa do medio ambiente que nos corresponde aos poderes públicos na loita contra o cambio climático, para a redución das emisións de CO₂, si ben é certo que a responsabilidade individual e os comportamentos da sociedade son unha cable tamén, é certo que nos toca aos poderes públicos



incentivar esas accións. Dende o Concello de Salceda, no noso compromiso co coidado do medio ambiente, nos adherimos ao Pacto das Alcaldías no ano 2019, recentemente o ano pasado aprobamos tamén en sesión plenaria o Plan de acción para o clima e enerxía sostible e na procura de dar pasos nesa dirección e dar cumprimento a este plan, se trae esta proposta que bonifica o imposto de rodaxe para aqueles vehículos que teñen unha menores emisións, buscando este sexa un incentivo a agora de que o cidadán se decante pola adquisición dun novo vehículo con estas características que son mais respectuosas co medio ambiente.

O criterio que se seguiu para determinar a bonificación vai en función do distintivo ambiental do vehículo de xeito que os vehículos con distintivo ambiental “ECO” que son aqueles vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40Km, híbridos non enchufables, vehículos propulsados por gas natural gas ou gas licuado do petróleo, terán unha bonificación do 75% durante os cinco primeiros anos posteriores a súa matriculación e os vehículos con distintivo ambiental “0” que os vehículos eléctricos de batería, eléctricos de autonomía estendida, eléctricos híbridos enchufables cunha autonomía de 40Km ou vehículos de pila de combustible, terán esa mesma bonificación do 75% pero por toda a vida útil do vehículo, por entender que se trata de vehículos mais eficientes, mais respectuosos co medio. O expediente ten informe desfavorable de intervención e tesourería, neste caso pola perda de ingresos que vai a supoñer sen que se haxa compensado cun aumento ou con diminución do gasto. O certo é que a día de hoxe non se pode cuantificar canto vai a supoñer estas bonificacións e así o reflicten nos informes, pero ao meu parecer, non vai a ser unha contía que desestabilice o orzamento, é asumible. Como é habitual nestes casos a bonificación debe ser solicitada polo contribuínte.

Sr. González Souto: Boas noites a todos e todas. Como saberás Lucía, nós en nome deste grupo presentamos unha moción similar para propoer as bonificacións no imposto de rodaxe que hoxe se trae a pleno, pretendíamos tamén que esta bonificación sexa unha axuda para os usuarios e posibles compradores de vehículos que menos C2 emiten pola enerxía ou combustible que utilizan para o seu desprazamento e que en certa medida incentiven o seu uso polo impacto máis reducido que realizan sobre o medio ambiente e a súa vez cumprir co compromiso asumido por este Concello, a adhesión ao Pacto das Alcaldías e ao programa PACES que aprobamos no ano 2020. Lin a vosa proposta, nos firmamos a nosa moción o 28 de abril e presentámola no pleno para traballar nesta dirección, vostedes, Lucía en concreto, foi a que nos transmitiu que o Concello xa traballaba na aplicación desas bonificacións, de feito quero recordar que ata nos deu o número do expediente que estaba aberto, o número 2843/2020 que podemos comprobar tamén que a data de inicio de ese expediente é de do 28.11.2020. Nada que obxectar ata o de agora, pero ao acceder ao expediente, a data de inicio pode ser do 28.11.2020 pero a documentación que nel consta, a máis antiga que puiden comprobar é de setembro deste ano. Na moción que presentamos o 28 de abril sobre o tema pedíámslle que nos adiantaran os informes técnicos sobre a viabilidade das bonificacións, non o fixeron; que acordáramos entre todos as bonificacións a aplicar, tampouco o tiveron



en conta, pero é certo que non sendo vostedes serios e rigorosos co que plantexamos nos aquí isto realmente non ten consecuencias para os posibles bonificados. Había un punto ao final da moción que si advertíamos que era *“que se aprobase con tempo suficiente para que entrase en vigor o próximo exercicio fiscal e así dar tempo tamén aos bonificados”*. Isto traelo a estas alturas do ano vai a ter consecuencias para os posibles bonificados, trinta días hábiles de exposición pública e rezar para que non haxa alegacións pómonos a finais de decembro, que marxe se lles da aos veciños para que poidan solicitar as bonificacións que vamos a aprobar hoxe aquí? Ningunha. Isto como sempre dentro do serios e rigorosos que son na xestión caben dúas posibilidades, demoraron a propósito a súa aprobación para que a xente non se beneficiase o próximo ano da bonificación e así non reducir os ingresos, esa é unha posibilidade ou unha segunda posibilidade que sería, a pesar de iniciar o expediente no 2020, a pesar de nós recordarlle a implantación destas bonificacións o 28 de abril, esquecéuselles e a traen de presa e correndo sen ter en conta os intereses dos posibles bonificados. Esta segunda opción de despiste é algo típico en vostedes, gobernan un pouco improvisando e despistados, esta forma de gobernar a veces ten consecuencias para os veciños en falta de prestación de servizos ou prexuízos económicos. Cando digo o típico despiste pódolle falar por exemplo do pleno de urxencia que se convocou porque tivemos que aprobar no último día a subvención ao PACES de 6.000€, nun pleno que houbo que convocar de urxencia co gasto que ten para o Concello ese pleno. Recordar tamén a obra da praza de abastos onde o proxecto estivo nun caixón durante oito meses e despois houbo que correr na licitación e na execución da propia obra, recordo a Alcaldesa, Verónica, dicir que non saía da praza de abastos para rematar a tempo a obra porque que lle deron dous meses ao contratista cando o proxecto estivo oito meses no caixóns. Tamén as piscinas que non se abriron, aprobamos os proxectos e non se executaron as obras e os nenos de Salceda, coa escusa da pandemia para min foi unha escusa, non tiveron acceso a un servizo que é as piscinas.

Centrándonos no tema de que os propietarios deses vehículos poidan acceder as bonificacións, qué facemos? Moi pouco marxe lle vai a quedar para solicitalas, ou o publicitamos moito ou entramos nas vacacións do nadal con días festivos. Non contentos con iso, engadimos ao propietario que ten cada ano que solicitar a bonificación, a informática está para algo, queremos reducir as emisións de CO2 si ou no? Porque a enerxía que menos contamina saben cal é non? a que non se consume, pois non fagamos a xente que teña que desprazarse todos os anos ao Concello a solicitar esta bonificación, o desprazamento implica emisións de CO2 e aparte, neste caso, unha perda de tempo, que dicir da barbaridade, por exemplo, no tema do catastrazo, 10.000 parcelas susceptibles de bonificación e que sexan, imaxinemos, 3.000, 4.000 propietarios que fan vir cada ano ao Concello para solicitar a minoración dos seus recibos, iso é estar cerca dos veciños, por suposto. Xa sabemos que un dos puntos onde o PACES nos indica que hai moito por reducir en emisións neste Concello e en todos os Concellos xeralmente, é no transporte, en cambio nós obrigamos a xente a desprazarse para facer xestións. Tamén terán que pensar que non toda a xente o poderá facer online, pensen tamén na saturación dos servizos do



Concello, pensan de verdade en facilitarlle a vida aos veciños? Porque facilitarlle a vida aos veciños é axilizarlle os trámites non enredalos, cantos días hábiles estiman que van a ter os veciños para solicitar a bonificación para o exercicio do 2022? Porqué traen isto tan tarde?.

Sr. González Coto: Si que é verdade que dentro das medidas, os plans de accións dentro do PACES que formalizamos o 30 de novembro do ano 2020, xa estaba no apartado da modalidade sustentable a posibilidade de desta modificación desta ordenanza, recordo que ti mesmo foches o que colleches e ese día xa puntualizaches cando o iniciamos, si que é verdade que o expediente se inicio isto todo conleva uns informes de intervención e moitísimas cousas, ao mellor non digo que non a puideramos traer antes pero fai falta coller telo ben, para telo aquí precisamente para que non se nos escape nada, aquí o fin e reducir as emisións dentro do PACES e o que nos piden un pouco e o estudio que tiñamos realizado dentro dese plan de accións era o que nos dicía , que tiñamos que intentar rebaixar as emisións, polo tanto consideramos aquí son as bonificacións mais apropiadas, se pode discutir en anos, cantidades de porcentaxe, pero son as que as que consideramos mais apropiadas en base a uns informes que fixemos, polo tanto o Partido Socialista o seu voto vai ser favorable para intentar sacar a diante isto, para que os veciños poidan collerse a estas bonificacións.

Sra. Pereira González: Naquel pleno na que vos presentastes unha moción e que falamos disto, xa che dixen tamén que estamos traballando neste borrador de bonificacións e cales eran os criterios que mais ou menos tiñamos encamiñado, lembro que falei xa deses distintivos e ese foi a liña que se iba a seguir e creo que mostraches conformidade, me deu a sensación. É certo que xa naquel pleno que che dixen que o expediente se abrixa no 2020 e que finalmente estabamos en novembro e non iba ser posible que entrase en prazo para o ano 2021, o ano 2021 ben sabedes como foi de convulso, vamos co pleno número 15 estamos en outubro, a min me gustaría que a Interventora e Tesoureira se puideran dedicar a cousas como estas e outras mais, un montón de ordenanzas mais que hai que poñer ao día, pero a realidade e o día a día do Concello non permiten, hai sempre urxencias e prioridades, non momento que se puido, no momento que estaba o orzamento en marcha chegou o proceso de revisión catastral implicou un montón de informes, se trouxo cando se puido, dende a Deputación temos o compromiso de que a última quincena de outubro e da fecha límite para aprobar ordenanzas, para que a eles lle dean prioridade a hora da publicación e se non hai alegacións será a aprobación definitiva en torno a primeira quincena de outubro, despois dos festivos, si é certo quedan quince días para que o interesado poida solicitalo, pero peor sería que non quedara nada e non entrase en vigor para este ano, se fai o que se pode cos recursos que temos, cos medios que temos, humano e técnicos, non fai falta desprazarse ao Concello, o Concello ten sede electrónica e xa moitísima veciñanza accede ao Concello a través da sede electrónica e ademais que coincida, haberá que publicitalo e serán os últimos quince días do ano nos que este ano se poida solicitar tampouco cadra mal que sexa nadal porque é cando a xente está de vacacións e dispón de



tempo para vir ao Concello. Os importes son máximos que permite a Lei e creo que a bonificación é correcta, que nos gustaría traelo antes sí, moitísimo antes pero os medios son os que son e se fai o que se pode o mellor que se pode.

Sr. González Souto: Non estamos en contra da ordenanza que se trae aquí, estamos de acordo coa ordenanza, é lóxico que nós si temos que facer oposición e temos que defender aos veciños, intentemos facerlles as cousas mais fáciles aos veciños, é normal que si a xente ten tres meses resúltanlle moito máis fácil adaptarse para pedir a bonificación que se ten quince días ou unha semana, que é o que pode quedar, cinco días hábiles, é moito mais difícil, niso estarán de acordo. Eu facíalle dúas preguntas, porque traen isto tan tarde? Porque estaban desbordados de traballo é o que eu asumo que están contestando. Por ser prácticos e ser concisos e pensar o que realmente podemos mellorarlle aos veciños, que lle parece si eliminamos esa necesidade de cada ano ter que vir a solicitar a bonificación, unha vez presentada a ficha técnica e a documentación, xa está rexistrado polo tanto porqué non evitamos ese trámite innecesario de desprazarse que ao final parece que da a sensación que máis que porlle facilidades á xente para que acceda a esas bonificacións, pómolle trabas. Eu entendo que cando falan da sede electrónica e como se todo o mundo supera traballar na sede electrónica, ata pasa coa xente maior, coa banca aí si o miramos, pero cando somos nós administración todo o mundo sabe traballar coa sede electrónica. O noso grupo pídelles que por favor eliminen esa opción e que unha vez que se presente a documentación que sexa suficiente, porque para nós a modificación da ordenanza que se trae está perfecta. Hai outras ordenanzas que o texto esta recollido no Texto Refundido das Facendas Locais, por exemplo para o caso do IVE hai bonificacións potestativas no artigo 74.5 onde se pode tamén aplicar medidas para bonificar o recibo en certos casos de vivendas que utilicen un tipo de enerxía renovable, no caso do ICIO no artigo 103 do TRFLL no punto 2.b tamén existen bonificacións en base a redución do CO2 e tamén no caso das empresas no caso do Imposto de actividades económicas no artigo 88.2.c) tamén existen bonificacións, eu preguntolle a día de hoxe vostedes teñen algún expediente aberto nesa índole que lle acabo de nomear? Solicito que eliminemos da modificación da ordenanza precisamente onde o beneficiario ten que vir ao Concello cada ano.

Sra. Alcaldesa: En canto á bonificación de oficio volvemos a repetir o que se dixo cando foi a modificación da ordenanza do IBI, é o administrado como en todas as bonificacións quen ten que solicitar esas bonificacións. Ademais diso creo que o Partido Popular esquece que temos delegadas a xestión de algúns dos impostos e que tamén estamos limitados pola súa normativa de xestión, un exemplo é o do IBI, que ao Partido Popular lle pareceu moi fácil pedir distintas bonificacións, distintas rebaixas e demais, nós tivemos un ano enteiro ou case dende o pleno de febreiro xestionando distintas bonificacións, distintas baixadas do tipo de interese e demais e agora toca facer o traballo de xestión para que o organismo delegado, neste caso ORAL, poda xestionar esas bonificacións. A veces dende a oposición, como di o Concelleiro do Partido Popular, teñen que facer oposición e defender aos veciños, nós temos que tamén gobernar, defender aos veciños pero o que se aprobe sexa



despois xestionable e sexa realmente posible levalo a cabo. Entendo que tedes que facer o voso papel como oposición pero volvo a repetir o que xa repetín noutros plenos, hai que ser conscientes de que nin se poden bonificar todos os impostos nin se pode xestionar todo o que nos gustaría xestionar porque temos uns recursos limitados, sobre todo humanos e técnicos e despois tamén temos esas normativas sobre todo do ORAL, como dicía antes, para poder levar a cabo esta xestión. Seguidamente dou lectura a proposta de Alcaldía, seguinte:

“Visto que é interese do goberno municipal poñer en marcha unha serie de medidas encamiñadas a reducir as emisións de CO2, como así o demostra a adhesión ao Pacto das Alcaldías para o clima e a Enerxía o 22 de febreiro de 2019 e a aprobación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) no ano 2020.

Visto que entre estas medidas a adoptar estaría a posibilidade de modificación da Ordenanza sobre o imposto de vehículos de tracción mecánica, para incentivar o uso de vehículos mais eficientes, modificando o seu artigo terceiro.

Non obstante o disposto no informe de Intervención núm. 2021-0161 e no informe de Tesourería núm. 2021-0188.

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal núm. 22 reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, engadindo un apartado segundo de forma que o artigo 3 quedaría redactado do seguinte xeito:*

“ARTIGO 3

1.- *Terán bonificación do 50% da cota do imposto os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a data da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.*

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbida sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

Esta bonificación deberá ser solicitada polo suxeito pasivo a partir do momento no que se cumpran as condicións esixidas para o seu gozo e como máximo no prazo de un mes contado desde o día seguinte o finalización do período de exposición pública



do padrón do imposto referido ao ano da súa aplicación.

2.- Gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, en función do carburante ou das características do motor do vehículo e a súa incidencia no medio ambiente:

a) Do 75% de bonificación cunha duración indefinida a partir do ano seguinte ao de primeira matriculación para os vehículos máis eficientes (distintivo ambiental etiqueta 0 emisiones): eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía de 40 km ou vehículos de pila de combustible.

b) Do 75% de bonificación durante os 5 anos naturais posteriores ao de primeira matriculación, para os seguintes vehículos (distintivo ambiental etiqueta eco): vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40 km, híbridos non enchufables (HEV eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía de 40 km ou vehículos de pila de combustible

Estas bonificacións deberán ser solicitadas polas persoas interesadas mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando o permiso de circulación e ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos para o período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data de devengo do tributo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu disfrute.”

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal núm. 22 reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, engadindo un apartado segundo de forma que o artigo 3 quedaría redactado do seguinte xeito:

“ARTIGO 3

1.- Terán bonificación do 50% da cota do imposto os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a data da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbida sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

Esta bonificación deberá ser solicitada polo suxeito pasivo a partir do momento no que se cumpran as condicións esixidas para o seu gozo e como máximo no prazo de un mes contado desde o día seguinte o finalización do período de exposición pública do padrón do imposto referido ao ano da súa aplicación.

2.- Gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, en función do carburante ou das características do motor do vehículo e a súa incidencia no medio ambiente:

a) Do 75% de bonificación cunha duración indefinida a partir do ano seguinte ao de primeira matriculación para os vehículos máis eficientes (distintivo ambiental etiqueta 0 emisiones): eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía de 40 km ou vehículos de pila de combustible.

b) Do 75% de bonificación durante os 5 anos naturais posteriores ao de primeira matriculación, para os seguintes vehículos (distintivo ambiental etiqueta eco): vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40 km, híbridos non enchufables (HEV eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía de 40 km ou vehículos de pila de combustible

Estas bonificacións deberán ser solicitadas polas persoas interesadas mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando o permiso de circulación e ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos para o período impositivo a que se refire a solicitude.



sempre que na data de devengo do tributo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu disfrute.”

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Expediente 2288/2020. Aprobación inicial da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento municipal, no ámbito de “A Devesa”.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: O que traemos neste apartado catro é unha modificación puntual das Normas Subsidiarias, neste caso na parcela da Devesa, o que traemos agora é o trámite da súa aprobación inicial, un expediente que xa se comezou no seu día, en outubro do ano 2020 cando se trouxo a pleno a suspensión cautelar de licenzas para que houbera tempo de preparar este expediente, estudar esta modificación que traemos agora a pleno. Había un período de doce meses dende que se realizaba esa suspensión cautelar de licenzas, co cal estamos dentro de prazo e traemos esta modificación puntual das Normas Subsidiarias como dicía antes. Falamos dun ámbito a modificar de 1203 metros cadrados, están en solo non urbanizable clasificado unha parte na Ordenanza 1 outra parte na Ordenanza 2 e consideramos todo o equipo de goberno e creo que vamos a estar de acordo despois, xa tratamos este tema na Comisión Informativa e como dicía antes, naquel primeiro pleno onde se paralizaban as licenzas fai un ano, e creo que estamos de acordo todos en que é importante esta modificación para destinalo a un uso dotacional público, nun futuro a pretensión deste equipo de goberno, no momento que se consiga finalizar todos os procedementos desta modificación puntual é poder adquirir a parcela destinala a ubicar a casa da mocidade.

Esta modificación hai que mirala tamén dende o punto de vista da Lei 1/2019 de rehabilitación e rexeneración e renovación urbana de Galicia, na cuestión de prazos e de procedementos urbanísticos a seguir, xa que a Lei nos facilita que poidamos



facer un procedemento simplificado desta modificación puntual das Normas Subsidiarias ou non superar o 1% do solo urbano nin modificar a súa clasificación co cal podemos levalo a cabo a través dun procedemento simplificado. Tamén cumpre as características para non ser necesaria a tramitación ambiental tal como indica o informe do 13 de setembro deste mesmo ano da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, e a partir de aí si temos a ben aprobar esta modificación puntual, este trámite inicial o procedemento a seguir é elevalo a información pública polo prazo dun mes dende a súa publicación e envíalo a Consellería para que simultaneamente se soliciten informes preceptivos, e despois de remitidos estes informes traerese a pleno a aprobación definitiva.

Espero que todos os grupos esteamos de acordo en iniciar este procedemento para a modificación puntual inicial das nosas Normas Subsidiarias no que é o espazo da Devesa e poder conseguir ampliar esa praza e sobre todo dotar de novos servizos para as persoas e para a veciñanza.

Sr. González Souto: Como ben dixo vostede tróuxose con anterioridade ao pleno para paralizar a concesión de licencias sobre esta parcela e nós votamos a favor e pensamos que é unha boa idea a compra desa parcela, xa que o centro urbano necesita parcelas en propiedade, agora traen a este pleno esta modificación puntual para cambiar o uso do terreo, entendemos que son os pasos que hai que dar, porque como dixo vostede é a Lei a que esixe os doce meses, etc... Examinando o proxecto da modificación puntual, a distribución da parcela que nos atopamos coa nova normativa urbanística non nos convence. Temos coñecemento da distribución dende a Comisión e a verdade é que non puidemos participar na elaboración do documento e vostedes pretenden que o aceptemos así. Contemplan a posible construción dun edificio dun máximo de 8 metros de ancho e ata 32 metros de largo, adosado á medianeira do edificio do Día, isto que é? Un tren, un autobús, acotar un edificio a esas medidas non deixa de ser limitar a distribución interior dos espazos que se poidan obter, ademais podemos matizar que si se fai algún edificio cal sería o seu uso? Porque como é lícito, nós podemos ter outras prioridades, nós sabemos neste caso que vostedes queren destinar ese edificio a casa da mocidade, destinalo a un centro de día se cadra tamén non pode ser importante? De toda a normativa que se aplica no informe técnico desta modificación puntual, saben cal é a normativa máis antiga? Cal é a normativa que está máis desactualizada? Son as Normas Subsidiarias do planeamento municipal que son de febreiro do 1997, o resto da normativa está redactada a partir do 2016 como é o caso da Lei do Solo e do seu Regulamento, a culpa é da Xunta de que as Normas Subsidiarias non estean actualizadas con un Plan Xeral? Non, é culpa do Concello, por iso non hai carteis nin pancartas senón habería carteis e pancartas. En cuestión de urbanismo, podían deixarse de remendos, porque isto é un remendo e poñernos a traballar seriamente nun PXOM. Non entendo o que os limita para non estar traballando nun documento esencial para o desenvolvemento do Concello. A relación amor-odio que mantiveron e manteñen PSOE-BNG, PSOE-MS dende o 2007 ata hoxe saúlle bastante cara aos veciños, non foron capaces de sacar un Plan Xeral adiante en 14 ou 15 anos, cando menos é



bastante triste, sobre todo cando se criticaba outra xestión e miren si saíu caro esta relación tormentosa que ao final gastaron inutilmente preto de 100.000€ en redaccións de plans xerais fallidos. Tiráronse preto de 100.000€ que os veciños pagaron con imposto como pode ser o rodaxe ou o IBI. Lin na prensa que hoxe se vanagloriaban por facer unha modificación puntual dese calibre, dende logo calquera cousa sírvelles para motivarse, nós pedímoslle que se poñan a traballar no realmente importante e deixen de facer remendos, nós opinamos que a modificación puntual si pero con outra distribución, non coa que vostedes propoñen, de todas formas a nosa postura vai a ser a da abstención porque sabemos que é un paso necesario para poder continuar o procedemento.

Sra. Castiñeira Alén: Boas noites a todos e todas. Para min si é moi importante este punto e creo que temos que estar contentos por elo, pero hoxe o compañeiro Primitivo viu coa obsesión de converter todos aqueles puntos que son positivos para a veciñanza transformalos en negativos, como as bonificación do apartado dous e agora con esta modificación que o único que obtén é espazo público para o disfrute da veciñanza e a dotación pública da veciñanza. Tivo non estás contento nunca, o que si che agradezo é o teu ton teatral porque a verdade é difícil discutir contigo porque sempre utilizas un ton teatral acaído a esta sesión plenaria. Hai algo que non me gusta tanto, é que pleno tras pleno cuestionas os equipos de persoal técnico, paréceme unha falta de respecto que digas o edificio mide, que vai se un tren, ti ademais que considero que tes certo coñecemento, considero que deberías respectar un pouquiño mais as decisións, as propostas técnicas, avaladas por técnicos que traen o equipo de goberno a este pleno. Podes estar máis conforme ou non estar conforme ou prefires un centro de día a unha casa de mocidade, nós establecemos as prioridades que para elo gobernamos e para iso nos reunimos cos colectivos sociais, pero o que non me parece acaído é que pleno tras pleno cuestionas sempre os plantexamentos dos equipos técnicos, eu pediríache que por respecto a eles non o volveses a facer.

Como dicía a Alcaldesa fai un pouquiño máis de un ano, concretamente en outubro de 2020 logo precisamente de enterarnos de que estas parcelas estaban á venda e tras varias xuntanzas, varias reunións para valorar a posibilidade de que o Concello se fixese con estas parcelas, con estes terreos, porque precisamente non prexudicaba a ninguén, favorecía claramente a veciñanza, eran propiedade como sabedes do SAREB, arrancam, puxémonos en marcha nese outubro de 2020. O primeiro paso foi traer esas parcelas a Pleno, o 15 de outubro, precisamente para suspender cautelamente esas licenzas de parcelación e edificación coa finalidade precisamente de gañar tempo, prazo dun ano, despois dunha suspensión é o prazo que existe, para estudar a modificación que hoxe traemos a este pleno. Ese primeiro paso tan importante que se deu acadou a unanimidade deste pleno, supuxo traer este proxecto de modificación das Normas subsidiarias para converter esas tres parcelas aínda que visualmente é unha e que se usa actualmente como aparcadoiro, pero son tres parcelas e o que pretende este equipo de goberno, e vostedes en sesión plenaria estaban de acordo, convertilo nun espazo público, unha gran praza aledaña á que xa



existe, aumentar o espazo de zona verde, a creación dun novo edificio que é a casa da mocidade e que creo que ninguén ten dúbida nin este pobo nin nesta corporación da necesidade desa infraestrutura.

Este proxecto sempre tivo un obxectivo claro, e creo que como responsables políticos o visibilizamos e por iso nos puxemos en marcha. Tivemos aquel primeiro pleno unánime e estou segura que deste tamén vai ser unánime, pero o que pasa é que sempre teñen que dar a súa nota de discordancia e tratar de negativizar todo o traballo de xestión que fai este equipo de goberno. O obxectivo estaba claro, ampliar esa zona verde e crear un equipamento público moi demandado, demandado polos colectivos sociais, demandado pola nosa veciñanza, non sei si tiveron oportunidade de reunirse con eles pero seguro que se o fan lle trasladaran esta necesidade, en definitiva seguir ese libro de ruta de cumprimento dese plan de mobilidade urbano sustentable que tamén aprobaron en esta sesión plenaria todos os grupos políticos e camiñar para gañar espazo para a xente e facer desta vila, que é unha vila de servizo, cómoda, agradable e fermosa e creo que é o obxectivo de todos e todas.

Sr. González Souto: Creo que non estamos nun estado totalitario e a capacidade de crítica permítese, verdade? Nós miramos o proxecto e non nos parece o proxecto correcto para esa parcela, pero iso é lícito ou vas a dicir que non? Nós entendemos que a alternativa á distribución que se poden facer dos ocos, un anfiteatro non se vai facer, creo eu. Simplemente vostede utilizou agora a súa intervención para iniciar dicindo que eu crítico aos servizos técnicos, é unha estratexica pouco elegante, por dicilo de algunha maneira, eu simplemente limitome a mostrar a nosa postura sobre o que aquí se trae na modificación puntual, certo que non participamos nela, ninguén nos transmitiu nada, chegamos esta semana na Comisión e aquí temos a comelo con patacas, isto e o que é, queremos poñer unha casa da mocidade aí, ese é o dialogo que ten o goberno coa posición? E aínda por riba chegamos aquí e dicimos que nós realmente non contemplabamos ese uso que se lle está dando a esa parcela e por iso xa cuestionamos o traballo dos técnicos, iso ao mellor é unha maneira de desviar a atención. Creo que vostedes chega a un punto que perderon a perspectiva do veciño, compórtanse máis como unha administración insensible entre as necesidades o digo por isto, polo tema de facer vir a xente polas bonificación etc...parece que son unha administración ríxida e distante.

Sra. Castiñeira Alén: É curioso que nas Comisións informativas cando se celebran non plantexades ningunha destas cuestións, ides ás Comisións a abstervos, sen plantexar coñecer o proxecto, ao que por certo tedes acceso dende bastante tempo para consultalo e preguntar que creo que ademais é a vosa función, a de fiscalización, chegades as Comisións simplemente para abstervos, achega ningunha. Quero preguntarlles, vostedes non están de acordo ca casa da mocidade? Porque parece que non están de acordo coa casa da mocidade, vostedes creen que non é un servizo necesario para Salceda? Igual é o Partido Popular quen descoñece cales son as necesidades que ten Salceda e as que nos achegan os colectivos. A culpa de non ter PXOM, que vostede faga disto unha bandeira e aínda nos recorde os cartos e as



oportunidades perdidas é bastante lamentable, menos mal que a veciñanza, a estas alturas, sabe perfectamente, porque ademais viviu as consecuencias coa revisión catastral, de quen foi a culpa de non ter un Plan Xeral agora mesmo.

Sr. González Souto: Entendo que a veces cada un defende a súa postura, traemos aquí a modificación puntual pero a nosa misión é recordarlle que Salceda necesita un PXOM. Dende logo é paradóxico, anómalo, que tendo a relación que teñen entre Movemento Salceda e PSOE que non 2016 nesa relación de amor-odio coincidira odio, se coincidira o amor teríamos PXOM pero é que os veciños de Salceda non teñen que estar pendentes de si queren ou non se queren, e tamén lles pido agora xa que se queren tanto, fagan un PXOM e apróbeno, pero non andemos aos remendos.

Sra. Alcaldesa: En canto á relación de amor odio, este equipo de traballo funciona dende o primeiro momento e continúa funcionando e dende logo aquí se mira porque traemos propostas, traemos de distintas áreas avances para Salceda e eu creo que como dicía a compañeira Loli a veces é simplemente o afán de cuestionar todo o que se trae. Isto é un pleno non é un club da comedia, entendo que de vez en cando está ben que nos tomemos esas puntillas porque dá un carácter distendido ao pleno e a veciñanza tamén o agradece, eu tamén me sumo a ese agradecemento que facía Loli, pero sempre na súa medida e ser tamén conscientes de que estamos nun órgano que neste caso é o Pleno.

En canto ao tema que nos trae hoxe aquí podemos estar de acordo ou non nos usos aos que se destina esa parcela, eu creo lembrar e creo que non me equivoco, fai un ano estabamos de acordo en que esa praza da Devesa debería aumentarse, crear espazos verdes. A edificación non ten que cubrir toda esa parcela, de feito hai un ano o debate tamén se puxo un pouco na necesidade de crear zonas verdes e de ampliar iso, se facemos unha edificación que cubra toda a parcela pois as zonas verdes temos menos posibilidade delas. Tamén hai que coñecer e estudar as necesidades da parcela e dos servizos e sobre todo os espazos que debería ter un centro de día, por poñer un exemplo, porque non é factible calquera tipo de edificación nesa parcela polos metros e as condicións. Podemos estar de acordo ou non no deseño ou no que vaíamos a facer, que neste momento tampouco traemos aquí un deseño absolutamente de nada, traemos unha proposta que por suposto o equipo de goberno ten unha liña de traballo, porque non traballamos a base de ocorrencia ou segundo nos vaia xurdindo, senón que traballamos xa nunha liña e con uns obxectivos de traballo. Este equipo de goberno ten proposta xa para ese espazo pero non é o que se trae a debate hoxe aquí.

Espero que esteamos de acordo sobre todo porque estivemos de acordo fai un ano, sobre todo no que dicía, que había que recuperar espazo para as persoas e zonas verdes, co cal a edificación ten que ser unha parte da parcela pero non toda e tamén estivemos de acordo, ou iso nos pareceu, na Comisión celebrada o martes, si así non é non pasada nada, cada un vota en relación co que pense, co que cree o co que defende o seu grupo. Seguidamente dou lectura a proposta seguinte:



“Municipal de Salceda de Caselas asinado en data 01.09.2021 por Rubén Martín Vázquez Pérez e Carlos Abal Lourido, para a súa tramitación como de iniciativa municipal, habida conta do interese público ligado á aprobación das previsións que no documento se conteñen, para posibilitar a creación dunha gran praza aledaña á existente en A Devesa e a ubicación dun novo equipamento dotacional público “Casa da Mocidade” ” adosado ao paramento cego do edificio que limita dito ámbito por un dos seus ventos, posibilitando así a implantación dunha nova zona verde e dun novo equipamento público en pleno casco urbano de Salceda de Caselas.

Visto que a modificación proposta pretende calificar para o uso de zona verde pública e uso dotacional público unha porción de solo urbano, que abrangue o ámbito das parcelas catastrais núm. 6515836NG3661N0001YG, 65158323NG3661N0001IG e 6515822NG3661N0001XG e que conta cunha superficie total de 1.203,00 m2 clasificadas en parte coma Ordenanza 1 e noutra parte como Ordenanza 2.

Visto que as razóns de interese público que fundamentan a modificación figuran debidamente xustificadas o expediente, en cumprimento do esixido polo artigo 83 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do solo de Galicia.

Visto o informe técnico-xurídico conxunto asinado en data 19.10.2021 polos técnicos autores do documento de modificación puntual.

Visto así mesmo o informe de Secretaría núm. 2021-0033 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Realizada a tramitación legalmente establecida e, en cumprimento do disposto no artigo 22.2. c) da LBRL, PROPOÑO ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa de Asuntos do Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento municipal, no ámbito de “A Devesa”, asinado en data 01.09.2021 por Rubén Martín Vázquez Pérez e Carlos Abal Lourido.

Segundo.- Someter a información pública o expediente, polo prazo de un mes. O prazo de información pública computarase desde a última publicación que se realice. Durante o devandito período quedará o expediente, con toda a documentación, escrita e gráfica, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións, suxestións ou documentos que consideren oportunos, así como obter as copias necesarias, sen prexuízo das taxas que se deban satisfacer. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica do Concello:

<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board>

Terceiro.- Acordar, conforme ao disposto no artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito obxecto da modificación puntual cuxas novas

determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente, a cal terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva.

Cuarto.- Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

Quinto.- Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos ás restantes administracións públicas, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CINCO** ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular

Primeiro.- Aprobar inicialmente o documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento municipal, no ámbito de “A Devesa”, asinado en data 01.09.2021 por Rubén Martín Vázquez Pérez e Carlos Abal Lourido.

Segundo.- Someter a información pública o expediente, polo prazo de un mes. O prazo de información pública computarase desde a última publicación que se realice. Durante o devandito período quedará o expediente, con todo a documentación, escrita e gráfica, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións, suxestións ou documentos que consideren oportunos, así como obter as copias necesarias, sen prexuízo das taxas que se deban satisfacer. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica do Concello: <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board>

Terceiro.- Acordar, conforme ao disposto no artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito obxecto da modificación puntual cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente, a cal terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva.

Cuarto.- Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

Quinto.- Solicitar os informes sectoriais que resulten preceptivos ás restantes administracións públicas, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

Expediente 2521/2021. Aprobación do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Area de

Transporte Metropolitano de Vigo

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: O que se trae neste punto é a aprobación do Convenio que rexe o transporte metropolitano na área de Vigo. Aínda que estamos ante un novo convenio, en realidade non ven a ser máis que unha continuidade do xa asinado no 2015, por aquel entón asinouse por catro anos con unha posibilidade de prórroga de dous anos, así se fixo no ano 2019 e chegamos ao final de vixencia dese convenio polo tanto toca realizar un novo convenio, aínda que a realidade é que os asinantes son os mesmos e o contido a grandes rasgos e o mesmo.

Detrás deste convenio hai un longo recorrido, posiblemente moitos dos que estades aquí vivistes de primeira man e sabedes mellor ca min todo o acontecido ata chegar a este momento e na situación que se atopa a área metropolitana e o transporte da área metropolitana . Sen ánimo de abrir o debate no noso pleno, creo que o ideal é que as distintas administración sexamos quen de chegar acordos, isto sempre acaba beneficiando a veciñanza como é este caso, a pesares de que o transporte interurbano non é unha competencia municipal, asumimos unha parte do prezo do billete para que sexa máis económico e coa chegada deste convenio no 2015 implementouse un sistema de pago a través da tarxeta monedeiro que o que permitía era reducir o custe do billete nun 50%. Dese 50% que era de aforro para a veciñanza, o 80% o asume a Xunta de Galicia e o 20% o Concello, no noso caso está sendo entorno a 6000 - 7000€ ao ano, o ano pasado foi menos, pero o 2020 non pode ser tomado como referencia. Si ben é certo que o desconto ou o aforro no billete é importante, tamén sería importante que a Xunta de Galicia establecese un plan de transporte digno para a nosa zona, especialmente para o caso de Salceda, porque outros Concellos están mellor servidos, no caso de Salceda estando a escasos 20 minutos de Vigo como estamos e con unha poboación tan xoven e tan dinámica temos unhas frecuencias que non son todo o axeitadas que deberán, que non dan solución á demanda que un Concello como o noso necesita.

Pola nosa banda seguimos estando do lado da veciñanza, lonxe do que di Primitivo, nesta ocasión facendo achega económica para que a veciñanza vexa un desconto no prezo do billete do transporte e loitando, pelexando e reivindicando unha mellora no plan de transporte como levamos feito ata de agora e que non deixaremos de facer, creemos que Salceda necesita acadar un plan de transporte acorde as necesidades que ten esta poboación. O informe de secretaría e intervención, que é conxunto, é desfavorable como foi no seu momento no 2015, porque estamos falando dunha competencia que non é municipal e estamos ademais asumindo con fondos propios pagando un diñeiro para unha competencia que non é municipal, pero creemos que está funcionando ben e produce un aforro na veciñanza e seguiremos estando outros catro anos mais.

Sr. Rodríguez Davila: Boas noites compañeiros de Corporación, veciñas e veciñas.



Efectivamente como dicía a compañeira Concelleira, mellor deixar o debate pasado, aí están as actas, os documentos, aí está e hemeroteca que retrata a cada quen nese momento da constitución do transporte metropolitano da nosa área do posicionamento que tomou naquel entón ao respecto da área metropolitana o ex-alcalde deste Concello do seu goberno, polo tanto, o pasado, pasado está, aí están os documentos como digo as actas, vídeos. Eu si asistín a todos e cada un dos plenos, da constitución da área, de todo, vemos e sabemos o resultado das diferentes sentencias xudiciais, lamentablemente a urbe que debería liderar e capitanear este transporte metropolitano, pois é a única de Galicia que non está suma ao transporte de Galicia cando os demais si se suman de diferentes cores políticos, diferentes gobernos, diferentes ideoloxías das diferentes e cada unha das cidades de Galicia, todos eles e cada un se sumaron en prol de unha actuación colectiva que como dicía s ti Lucía, ben mereceu a pena porque efectivamente os veciños se benefician diariamente dese desconto tan importante que sempre é mellorable, por suposto, en canto a bonificacións e tamén a servizos que se presta pero é triste que neste caso que a cidade máis grande de Galicia non se sume ao carro e sexa un exemplo para todas as demais cando si o son as demais. Nós nos alegramos e apoiaremos como xa fixemos naquel momento e seguiremos apoiando que o noso Concello estea dentro dese transporte metropolitano e lamentamos, como digo, que esa gran cidade de Vigo e o seu goberno non decida participar, porque non é só que beneficie aos veciños de Salceda senón que os propios veciños de Vigo se beneficiarían dese desconto do uso desta tarxeta metropolitana que a día de hoxe non poden ter ese desconto, porque o seu Concello non participa neste transporte metropolitano. O noso voto vai ser a favor en aras de que se mellore o servizo e nas reivindicacións aí estamos aínda que de diferentes maneiras, de diferente xeito a hora de reivindicar ou de facer propostas no sentido de que efectivamente se contemplan algunhas das demandas que creo que son xustas para o noso Concello que espero e confío que mais pronto que tarde sexan atendidas. O noso voto vai ser favorable.

Sr. González Coto: Súmome a explicación da compañeira Lucía, basicamente é unha renovación de convenio e nós consideramos que é bo aprobalo para a veciñanza de Salceda e o voto do Partido Socialista vai ser a favor.

Sra. Alcaldesa: Estamos aprobando un convenio de novo, renovando ese convenio asinado no ano 2015, en marzo do 2015, si ben é verdade que seguimos coxeando e continuamos arrastrando algúns aspectos neste convenio de melloras que son boas para Salceda e que nos faltan, o que é o máis importante para nós quizais son as frecuencias pero en aras de seguir estando ao lado da veciñanza e ao aforro que supón sumarse a este convenio de transporte, nós tamén o vamos a facer e sempre esperando que esas reivindicacións e propostas, que sempre facemos dende o Concello, nalgún momento se teñan en conta e sigamos mellorando. Como dicía a compañeira Lucía funciona e fáltanos quizais mellorar algúns aspectos, seguiremos loitando por eles e mentres tanto por suposto que nos vamos a sumar a este convenio que fai que o billete dos nosos veciños e veciñas cando se moven no transporte sexa máis económico. Dicir que tiñamos que traer este convenio a pleno



antes do 15 de novembro segundo o calendario que marca a Xunta de Galicia que unha vez aprobado o 15 de novembro farase a aprobación completa e a sinatura prevese que teña lugar entre o 13 e o 17 de decembro. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Dada a vontade deste Concello de subscribir o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Area de Transporte Metropolitano de Vigo recibido en data 30.09.2021 e número de rexistro de entrada 2021-E-RC-4882 e remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Visto que o convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar continuidade á aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros en desenvolvemento do denominado Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Vigo, dando continuidade ao proxecto de mellora do transporte na área de Vigo que se iniciou coa formalización o 4 de marzo de 2015 dun convenio de colaboración para a implantación dun conxunto de medidas de fomento do transporte público. O citado convenio tiña vixencia ata o 31 de decembro de 2019 e foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Secretaría e Intervención de 20.10.2021.

De conformidade co disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar o texto definitivo do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Area de Transporte Metropolitano de Vigo recibido remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade así como a adhesión ao mesmo do Concello de Salceda de Caselas, aceptando as obrigas e o réxime económico previsto no devandito convenio.*

A estes efectos, o pleno municipal comprométese a incluír nos orzamentos dos vindeiros exercizos económicos o crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao sinalado convenio.

SEGUNDO. *Notificar o presente acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.”*

VOTACIÓN: *Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o*



seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o texto definitivo do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Area de Transporte Metropolitano de Vigo *recibido remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade así como a adhesión ao mesmo do Concello de Salceda de Caselas*, aceptando as obrigas e o réxime económico previsto no devandito convenio.

A estes efectos, o pleno municipal comprométese a incluír nos orzamentos dos vindeiros exercizos económicos o crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao sinalado convenio.

SEGUNDO. Notificar o presente acordo á *Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*.

Moción do grupo PP s/ derogación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Nese punto si me permitides como presidenta do pleno e tras o pronunciamento que vimos de coñecer do Tribunal Constitucional nos últimos días, xusto nesta mesma semana, eu propoño retirar o punta da orde do día en canto que non se sabe cal é a influencia ou alcance que vai supoñer ese anuncio que se fixo esta semana pero que non hai aínda sentenza escrita, publicada polo cal non sabemos que alcance ten, incluso é posible por esa sentenza que algún dos trámites serán anulados a efectos prácticos, non sabemos o alcance como dicía e ademais hai outra cuestión, que é que tal como está a solicitude da moción do Partido Popular non é posible tomar este acordo de derogación da ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, xa que para tomar ese acordo serían necesarios os informes pertinentes. Dito isto e visto os acontecementos deste días, por seguridade xurídica e por suposto nós dende o Concello xa non se tramitou ningún expediente máis de plusvalía dende que se leu esta noticia polo tanto, pido a retirada do punto da orde do día.

Sr. Rodríguez Davila: Como portavoz, Sra. Alcaldesa, si está na orde do día unha sentenza xudicial non impide que un pleno municipal non poida acordar o que na orde do día se trae, non é vinculante, polo tanto é unha decisión potestativa deste pleno, non dependemos de ningunha regulación estatal nin autonómica polo tanto é este pleno municipal cen por cen competente para tomar esa decisión e si vostede se esconde en que non hai informes, vostede é a Alcaldesa, tiña que solicitalos. Se presentou con tempo suficiente e si vostede o que pretende e que non debatamos e que este pleno non se posicione e polo tanto que cada un dos grupos que



conformamos esta Corporación Municipal non nos retratemos, á hora de decidir si queremos ou non seguir aplicando esta plusvalía, dado que como xa anunciou o Goberno do Estado, polo tanto o goberno do Sr. Sánchez, está traballando xa nunha modificación legislativa para ver que encaixe legal lle da a este imposto. O que queremos dicir e que non estamos de acordo en que se siga aplicando este imposto e polo tanto, o que queremos é que este pleno municipal vote se está de acordo ou non en eliminar e polo tanto nos anos sucesivos de aplicar o imposto sexa ben este directamente de plusvalía actualmente en vigor ou aquel que o goberno articule en substitución do mesmo. Se vostede decide non debater nin someter a votación este punto, o goberno e vostede como máxima responsable será loxicamente responsable de votar. De todos xeitos como está na orde do día terá que vostede someter a votación a eliminación do punto da orde do día.

Solicito que a Sra. Secretaria nos aclare en que artigos se ampara para que a Alcaldesa someta a votación a eliminación do punto da orde do día dado que é unha moción que presenta este Grupo municipal.

Sra. Alcaldesa: Creo que foi o Partido Popular o que nos acaba de pedir que sometamos a votación esta proposta. É unha moción que está na orde do día a proposta é do Partido Popular, a proposta de retirar ten que partir ou non do Partido Popular, é verdade que é o Grupo Popular o que nos acaba de pedir que a sometamos a votación, pero dende logo o Partido Popular está na potestade como propoñente desta moción e desta iniciativa de non retirala, eu fago a proposta como Presidenta da mesa, fago a proposta de retirala da orde do día si o Grupo do Partido Popular que é quen realiza a proposta non o considera, pasamos a debater a moción.

Sr. Rodríguez Davila: Pido desculpas, á hora de interpretar a retirada da orde do día, dado que eu loxicamente pensei que unha orde do día posta pola Sra. Alcaldesa como iniciativa da mesma pero non, é a iniciativa deste grupo, polo tanto é a nosa decisión retirala ou non, estaba interpretando mal e polo tanto pido desculpas do erro humano que tiven neste momento e polo tanto doulle a palabra a o compañeiro Joaquín.

Sra. Alcaldesa: Reitero que dada a inseguridade xurídica que dan os últimos acontecementos se debería retirar pero se o Partido Popular non o considera, pois o teu tempo para iniciar, fago a advertencia de que é unha proposta que non contén informes e este acordo non se pode tomar como o presenta o Partido Popular, aínda así, non vai ser esta Alcaldesa e este equipo de goberno quen non permita debater esta moción.

Sr. Núñez Troncoso: Dou lectura a moción- proposta seguinte:

“Derogación da ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Salceda de Caselas, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a seguinte **MOCIÓN: DEROGACIÓN da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA** con base na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Salceda de Caselas dispón dunha ordenanza fiscal do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de Natureza Urbana, en aplicación desde febreiro do 2006. Este imposto atópase regulado no Real Decreto Legislativo 2/2004 (LRFL) nos artigos 104-110.

Constitúe o feito impositivo deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana do termo municipal do Concello de Salceda de Caselas e que se poña de manifesto a consecuencia de transmisión de propiedades dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio sobre os referidos terreos.

Dan lugar a realización do feito impositivo:

- Todo tipo de transmisión de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosa ou lucrativas.
- Todo tipo de constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativo de dominio sexa intervivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

Por outra banda, a Sentenza do Tribunal Constitucional 59/2017 do 11 de maio, declara inconstitucionais e nulos determinados preceptos da norma estatal que regula este imposto. Considéranse inconstitucionais e nulos determinados artigos na medida que se someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Según a sentenza, é inconstitucional a aplicación deste imposto naqueles casos nos que o solo urbano perdera valor (inexistencia de incremento de valor). Pero aplicando os valores catastrais como base impositiva, estes en moi raros casos, reflexan una perda de valor da propiedade.

Asemade, a aplicación do "Catastrazo" no noso Concello, que implica a incorporación de terreos de natureza urbana a os efectos do Imposto de bens inmobles, supón un aumento na carga impositiva para os veciños/as, en especial sobre os que viven nas parroquias.

No contexto sanitario de pandemia no que nos atopamos, con consecuencias catastróficas para as economías familiares, un aumento da carga impositiva mostra por parte do Goberno Municipal unha falta de sensibilidade e empatía, alleos totalmente as circunstancias extraordinarias que sofre a poboación. O modus operandi reflicte que o afán recaudatorio do Goberno Municipal é maior que a defensa dos intereses lexítimos dos veciños e veciñas salcedenses.

Así pois, por todo o anterior, instamos o PLENO a tomar o seguinte acordo:

DEROGACIÓN da ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA"

Esta moción que acabamos de ler coincide plenamente cunha moción que presentou o Partido Socialista e a excepto da petición de informes, que como ben sabe a Alcaldesa é competencia da Alcaldesa e os pode solicitar en calquera momento, outra cousa é que haxa interese en solicitalos, daquela a actual Alcaldesa estaba de acordo en derrogar a plusvalía e nós tamén estabamos de acordo e seguimos estando de acordo agora. Esperemos que a Sra. Alcaldesa manteña o mesmo criterio de fai catro anos. Esta moción, como ben dixo o portavoz, presentouse o 22 de outubro deste ano, ou sexa, o venres pasado, catro días antes de que o Tribunal Constitucional comunicara esa resolución, resolución que está sen publicar aínda. Como tamén dixo o portavoz, este é un imposto potestativo regulado na Lei de Facendas Locais, é dicir, é o Concello, é o pleno desta Corporación, si o considera oportuno, quen decide deixar de esixilo ou cobralo, potestativo xa digo do Concello, imposto que dos 313 concellos que hai en Galicia solo 115 o cobran, un 64% dos concellos non o cobran, o resto, o 36% si o cobran, nos cales está Salceda o noso Concello

Este imposto grava o incremento do valor dos terreos pola transmisión, venda dun ben urbano ou ben que se tramita por herdanza, doazón o que se lle chama transmisións lucrativas, é curioso que este tipo de transmisións, herdanza, pactos de mellora, anticipos de herdanza, doazón feita na maioría dos casos de pais a fillos nun porcentaxe elevadísimo, eu diría un 99%, están exentos do imposto de sucesións e doazóns, sen embargo, coa aplicación desta ordenanza si terían que pagar polos terreos que se herdan. No noso Concello isto aínda é mais grave porque polo catastrazo se incorporaron a urbana infinidade de parcelas, incorporaronse coa convivencia e co beneplácito do Goberno municipal e non só son as parcelas que van a estar afectadas pola plusvalía, que é outra consecuencia dese catastro, non as parcelas que se poidan edificar, senón outras parcelas que pasan a urbana que polas condicións que teñan é imposible edificar, ben non teñen fronte a vía pública, non teñen a superficie mínima ou similares como falamos xa en algún pleno, polo tanto nos atopamos ante unha maior carga impositiva para os veciños das parroquias e mais aínda na situación en que nos atopamos. Nós seguimos mantendo que se derroque este imposto porque como ben dicía antes o portavoz o Goberno Central, Sr. Sánchez, xa está articulando unha norma que esquive a sentenza e nós o que queremos é que se derroque, que non se aplique independentemente da norma que



se vaia a incorporar de novo ou modificar, nós o que queremos é que non se aplique o mesmo que fan o 64% dos Concellos de Galicia, iso é o que pedimos, que non se aplique esta ordenanza da plusvalía, é máis, non sei se vostedes saben ou se dan conta da recadación de plusvalía do ano 2020, non sei si se dan conta de que importe estamos falando, o que se está recadando ano tras ano non é de gran calado como para que impida deixar de aplicar esta ordenanza. Quero recordar, vostedes anunciaron hai uns días, 10-15 días, a bombo e platillo, que había unha bonanza económica, que as contas estaban todas moi ben, con superávit, con remanente de tesourería si é así como vostedes din cal é o problema que se derroge. Respecto aos informes, a Sra. Alcaldesa pode pedilos cando queira, non é necesario que os pida este grupo, a Sra. Alcaldesa ten a facultade suficiente, si ten interese, en pedir os informes e derrogar esta ordenanza, minoraría a carga impositiva que xa sufriron os nosos veciños co catastrazo.

Sra. González Pereira: A plusvalía, tema de rigorosa actualidade, sen embargo polas data de presentación da solicitude do Partido Popular de derogación deste imposto intúo e explicou Joaquín, que non ten nada que ver coa recente sentenza do Tribunal Constitucional que nos ten a todos nunha situación neste días de incertidume, máis ben se debe a esta actitude abolicionista que tomou o Partido Popular de prescindir en Salceda do impostos municipais, o IBI baixámolo ao mínimo e facemos unha bonificación do 90% á totalidade que era a súa pretensión, agora a plusvalía derogámola, o seguinte que van a traer para derrogar cal vai a ser o ICIO, o rodaxe, derogamos impostos, creamos unha amnistía fiscal aquí en Salceda. Vostede foi concelleiro de facenda, sabe como se forma o orzamento, os ingresos proveñen dos impostos e das taxas na súa esencia, si quere derogamos todos os impostos e pechamos o Concello. Isto funciona así, os impostos de titularidade municipal, os potestativos e os obrigatorios non son invención deste Concello. Como ben sabe vostede, están regulados na Lei de Facendas Locais e aí se establecen os criterios que os Concellos temos para movernos, nos ao final, o Concello na nosa Ordenanza reguladora temos un marxe para movernos dentro duns parámetros marcados e para establecer certas bonificacións, pouco máis. Os impostos están regulados nunha lei estatal, non son invención nosa. É certo que o imposto de plusvalía en concreto leva un tempo en entredito, que xa no 2019 houbo unha sentenza que determinou que había casos nos que non se podía demostrar que había incremento que é o que realmente grava o imposto senón minoración e para eses casos concretos non correspondía pagar o imposto. Naquel momento tamén se creou un gran revuelo, pensouse que se ía a declarar nulo o imposto e ao final a realidade é que o criterio que se estableceu e hai certos casos, cando se demostre que non hai aumento, non hai esa plusvalía, pero nos restos dos casos si que procede a súa liquidación e agora mesmo nos volvemos a atopar noutro momento de incertidume e de inseguridade.

A día de hoxe non se coñece aínda o contido da sentenza nin as consecuencias que vai a ter. Sabemos que dende o Ministerio de Facenda anunciaron que están traballando xa nun borrador e que tan pronto se saiba o contido da sentenza e as consecuencias do mesmo trataran de adaptalo e nós, o que teremos que facer é



agardar a que se modifique a Lei estatal e en función do que a lei estatal diga, adaptar a nosa Ordenanza fiscal. O que non se pode é pretender derogar todos os impostos no Concello, haberá que manter a calma que foi o que pediu o Ministerio de Facenda recentemente, ver o contido da sentenza, ver o contido da lei e en función diso ver que é necesario, se é necesario derogar as ordenanza fiscais e facer unha nova adaptada a nova lei ou simplemente é preciso modificar os artigos que determinan o cálculo, veremos o que sucede, polo momento é o que imos facer, esperar. Falan continuamente do afán recadatorio como se iso fora unha invención nosa, como se a nós nos fora a vida nisto, isto forma parte das obrigacións dun concellos e forma parte das obrigación dos veciños, pagar imposto forma parte das súas obrigacións para que se lle poidan prestar servizos.

Sra. Alcaldesa: Alégrome que o Partido Popular collese de base o traballo que fixo o Partido Socialista no 2017, porque efectivamente é un corta e pega desa moción ata o punto onde non lles interesou, de feito, a moción é exactamente igual ata que ao Partido Popular lle interesaba comezar co catastrazo outra vez. O catastrazo mal chamado por eles. Eu estou un pouquiño cansa de escoitar que non estamos ao lado da veciñanza, o grupo do Partido Popular pensa que estes concelleiros do equipo de goberno non estamos en Salceda, nin as nosas familias están aquí. Non sei se pensan que só lles afectan á veciñanza de aí afora e que non nos afecta tamén como persoas, aparte de como políticos ou representantes desta administración, nos afecta en todos os eidos igual que entendo que lles afecta aos compañeiros do Partido Popular. Creo que unha vez máis o que está intentando o Partido Popular é volver a falar de que non estamos ao lado da veciñanza, de que non rebaixamos impostos, cando os feitos está claro que din outra cousa totalmente diferente. Acabamos de baixar o coeficiente do IBI ao 0,4, acabamos de aprobar unha bonificación do 90%. Como dicía a compañeira de facenda, case de forma xeneralizada, acabamos no mesmo pleno de hoxe de aprobar unha ordenanza fiscal para as bonificacións nos vehículos para as emisións. Non sei en que feitos se basea o Partido Popular para dicir que non estamos ao lado da veciñanza, que só temos afán recadatorio. Tamén lle lembro o que lle acaba de lembrar a Concelleira de facenda, os veciños, a cidadanía ten unhas obrigacións e uns dereitos e os equipos de goberno e os gobernos a nivel municipal temos tamén unhas obrigas de prestar uns servizos e para prestar uns servizos, nos fai falta tamén que haxa ingresos. Dito isto, non se está pedindo por parte do Partido Popular algo coherente e de feito voulle recordar, xa que utilizaron a nosa moción, houbo un momento no que a vostede non lle gustou chegado aos últimos párrafos e ademais de incluír o do catastrazo, non leu o que é diferente, no apartado un pon *“previo os informes de secretaía e intervención derogando a ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana mentres non se modifique a lei que regula e con efectos da publicación da sentenza”* e no apartado dous pon: *“unha vez modificada a Lei se proceda a aprobación dunha nova ordenanza”*. Non poden dicir que isto é o mesmo que pedir a derogación sen máis e menos despois da inseguridade que se creou co pronunciamento do Tribunal Constitucional esta semana. Nós dende o Concello, que como boa xestión que facemos se paralizou dende o momento en que se fixo público ese pronunciamento,



pero creo que tamén é de rigor esperar, ver o que di a sentenza e facer as cousas con sentidiño, porque dende a oposición é moi fácil, hai un rato o Partido Popular o compañeiro Primitivo acaba de dicir tamén que non habiamos estudado as bonificacións do ICIO, as bonificacións do IAE a empresas, non recordo xa cantos impostos nomeou de bonificacións, tres impostos máis este catro o IBI cinco. Efectivamente o que quere o Partido Popular é deixar a este equipo de goberno sen maneira de xestionar o Concello e eu creo que esta moción, volvo a repetir, non procede e aparte que non se pode acordar neste pleno a derogación sen informes e ademais, con sentidiño debemos esperar a que esa sentenza se publique e se hai esa modificación da Lei, non cabe dúbida que dende o Concello xa paralizamos o cobro das plusvalías, de feito dende o propio martes non se asina ningunha, dende que se escoitou a noticia e empezaron os rumores, co cal creo que dende aquí dende o Concello estamos facendo unha xestión coherente e o coherente é esperar a ver a publicación desta sentenza e como van dándose os acontecementos.

Sr. González Souto: Só puntualizar, cando falei de bonificar os impostos, neses impostos en concreto e nos artigos falan de reducir as emisión de CO2 estamos de acordo ou no? Si, pero é que Verónica acaba de expor como si estaba pedindo eu cousa fora do normal, só era para puntualizar que estamos de acordo en modificar esas ordenanzas para incentivar as emisións de CO2.

Sr. Núñez Troncoso: A Sra. Alcaldesa fala de baixar imposto así tan fácil, vostede chámalle baixar impostos pasar a recadación do IBI de 900.000€ a 1.700.000€, iso chámelle vostede rebaixar impostos? Prestar servizos, hai numerosos informes de intervención respecto ao das bonificacións que si se minoran ingresos outra vía que hai é minorar os gastos, porqué non se minoran os gastos? Que hai onde minorar os gastos, non aí non lle toquemos, vamos ao peto dos veciños, que paguen os veciños para que o Concello, o goberno poida gastar a veces, despilfarrar, iso chámasele esquilmar aos veciños para prestar os servizos que vostede di. Aquí non se pode reducir gastos nin tampouco non se pode reducir ingresos, lea os informes. A moción que vostede presentou hai catro anos, cal era a finalidade de esa moción? Derrogar a plusvalía, na mesma situación nos atopamos agora, cal é o inconveniente que pon vostede agora, que non hai informes, se vostede tivera vontade en derogala pediría os informes pero cando non hai vontade é normal que non os pedira.

Dicía a Sra. Lucía respecto da formación dos orzamento, nós sabemos que o orzamento son ingresos e gastos, pero tamén os gastos hai que saber cales son os prioritarios e reducir gastos, que se pode reducir gastos en moitas partidas e non quero numeralas agora de novo, pero se poden reducir en moitas partidas e vostede sabe perfectamente, igual que o sabemos nós. Ninguén plantexou aquí a amnistía fiscal, iso o está dicindo vostede, o do 90% da bonificación do IBI que nós lle dicimos das parcelas, a vostede lle parece sensato que parcelas con unha barbaridade de desnivel onde non se pode construír non lle parece sensato que se bonifique este tipo de parcelas? Non lle parece sensato que parcelas que aínda que teñan a superficie non teñan o fronte mínimo a vía pública non é sensato que se bonifiquen



esas parcelas? Nós non plantexamos cousas por plantexar, non é o 90%, pedimos o 90% do que era sensato para ese tipo de parcelas non para todas. Nós seguimos mantendo que se plantexe neste pleno a derogación da plusvalía, que como xa dixen antes, o goberno está articulando unha norma para esquivar a resolución e que se siga aplicando a plusvalía e cobrándolle aos veciños, como chegaba ben co catastrazo pois seguíndolle cobrando aos veciños.

Sra. Alcaldesa: Estamos facendo o mesmo que pedíamos no 2017, é dicir, se pedía a derogación mentres non se modificaba a lei e se regula os efectos dende a publicación da sentenza, unha vez modificada a lei se proceda a aprobación dunha nova ordenanza, en ningún momento o Partido Socialista dixo no seu día de derogar a ordenanza de plusvalías. Queremos seguir confundindo a veciñanza mal interpretando as cousas que se fan por parte do Partido Socialista ou que se fixeron na oposición. Seguimos insistindo a ver se lle quitamos a credibilidade que ten o Partido Socialista, dándolle volta ao que se facía naquel entón. Está claro ademais a xente o ten para mirar e está na acta e está presentada no 2017, en ningún momento se falou iso, é mais, creo que estamos facendo un debate que nin sequera corresponde. Aquí non corresponde agora mesmo facer derogación ou baixada de impostos, aquí o único que corresponde a día de hoxe é que todos teñamos sentidiño, teñamos seguridade xurídica e que esperemos ao que nos diga a lei e ao que nos diga esa sentenza sen máis e mentres tanto o Concello paraliza o cobro desa plusvalía que é o que levamos feito ao longo desta semana despois de ter coñecemento dese pronunciamento, creo que estamos nun debate que non é o que se debe dar neste momento.

Sr. Núñez Troncoso: Sra. Alcaldesa nós non estamos confundindo a veciñanza, eu creo que quen a está confundindo é vostede porque antes dicía unha cousa e agora di outra como noutros temas. Di vostede que paralizano o cobro das plusvalías dende o martes e que pasa cando apareza a nova normativa van a seguir aplicándoa verdade? Nós o que propoñemos e que non se aplique que se derogue a plusvalía porque é potestativo do Concello aplícala, porqué o 64% dos Concellos de Galicia están todos equivocados e por iso non a aplican? Non a aplican porque queren minorarlle carga impositiva aos veciños, fala vostede de rebaixar os impostos, cando di rebaixar os impostos quen lle escoita di esa señora onde está? Xa veremos cando sexa a liquidación do 2021, xa veremos a recadación total en impostos, vamos a ver si é menor que o 2020, aí xa lle diremos se houbo rebaixa de impostos ou non houbo rebaixa de impostos. Mantemos a derogación da ordenanza da plusvalía tanto con esta normativa como a que vai vir.

Sra. Alcaldesa: Creo que o Partido Popular é coñecedor de que o Concello non lexisla a nivel de impostos, senón toma as decisións que se pode tomar no marco que temos como administración local e ademais o compañeiro do Partido Popular pregunta que se vai a facer cando chegue a normativa, pois tomaranse decisións con sentidiño, en función do que diga a normativa que a día de hoxe descoñecemos. Sometemos a votación o acordo de derogación da ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento



do valor dos terreos de natureza urbana.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción , esta resulta REXEITADA por CINCO votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2021-1068 de 23 de agosto ata o núm. 2021-1419 de 22 de outubro..

Queda dada conta dos decreto dende o número 2021-1068 ata o 2021-1419.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

1º.- Sr. Rodríguez Davila: Este grupo roga ao goberno municipal, si non é o caso de que o teñan feito, que teñan preparado o modelo de solicitude da bonificación do 90% do imposto de urbana para os casos que sexa posible solicitar esa bonificación, dado que aprobamos nos últimos plenos esa bonificación para esas fincas que van a pasar a tributar que para o ano con esa bonificación vai deixar de facelo, polo tanto, que a teñan a punto os modelos e que non esperemos ao último minuto a facelo.

Sra. Alcaldesa: É verdade que hoxe mantivemos unha xuntanza a Concelleira de Facenda, eu e a Directora do ORAL e teremos que esperar a que a parte técnica, que será cuestión en principio dunha semana, para aplicar segundo os modelos normativos do ORAL para poder aplicar esta bonificación porque como xa dicía antes non só é tomar as decisións de bonificación senón tamén que despois sexan aplicables na súa xestión pola entidade delegada.

2º.- Sr. Rodríguez Davila: Tan pronto saia publicado no Boletín Oficial da Provincia esa ordenanza definitiva desa modificación, polo tanto que os veciños poidan empezar a solicitar esa bonificación que dende a administración local se faga un bando informando aos veciños e todo canto sexa posible, ben a través de prensa ou de redes sociais e nós tamén axudaremos a elo para que todos e cada un dos veciños sexa coñecedor en tempo e forma, dado que o tempo vai ser xusto e limitado.

Sra. Alcaldesa: Tan xusto e tan limitado e por suposto xa estaba na intención deste equipo de goberno darlle a máxima difusión e publicidade necesaria para que as veciñas e veciños se poidan enterar.



3º.- Sr. Rodríguez Davila: Solicitar que revisen o encendido e apagado do alumeadado público por que creemos que en moitos puntos está a deshora a día de hoxe e máis tendo en conta o cambio de horario que se vai a producir o vindeiro fin de semana e tamén en moitos puntos do noso municipio que non está acorde co mesmo.

4º.- Sr. Rodríguez Davila: Insistindo no que se debateu hoxe aquí, rogamos unha vez máis que o goberno canto antes licite o expediente para a redacción do novo Plan Xeral no noso municipio, dous anos e medio deste mandato, catorce anos anteriores dos cales doce con maioría absoluta no Pleno, reitero 12 anos con maioría no Pleno e todos os grupos políticos que conformaron ese goberno non foron quen de aprobar con maioría absoluta ese plan xeral.

5º.- Sr. Rodríguez Davila: Rogamos tamén, que é unha mostra máis da ineficacia, da mala xestión e do despilfarro do diñeiro público, respecto de actuacións que está levando a cabo o goberno en moitos puntos do noso Concello se faga con criterio, con planificación e non con bandazos, e vou poñer dous casos: o sucedido no asfaltado en Castro - Barreiro, o que supón levar a máquinas adrede para ese remendo cando estiveron as máquinas alí o día anterior, é así e temos coñecemento do mesmo, a proba é que se asfaltou un camiño, marcharon as máquinas e de alí a uns días volveron e asfaltaron un anaco que vostedes deixaron sen asfaltar porque fixeron un remendo. E outro dos casos da proba da mala xestión do diñeiro público é que cómo é posible gastar nun solo vídeo 900€ cando cae a que está caíndo para retransmitir un pleno que non durou mais dunha hora? Se non se pode retransmitir un pleno en directo, se grava o pleno que custa moito menos e minutos despois se colga na plataforma de youtube, o que non podemos é permitirnos un custe de 900€ dun pleno en directo para que os veciños o poidan ver en tempo real, cando iso o que recibe un centro cultural para todo o ano, cando estamos subindo os imposto aos veciños cando estamos endebedando cada vez máis o noso Concello. Dous claros exemplos de xestión, lle pido rigor lle pido que destinen o diñeiro público de todos nos en cousas concretas, concisas e non malgasten o diñeiro público.

Sra. Castiñeira Alén: A propósito do rogo da estrada Barreiro - Pomar de Suso, pouquiño me gusta a min que se contén as cousas a medias ou sen toda a información correcta, o lóxico é preguntar cando un non ten a información de parte ou non a ten completa e sesgada, iso si che deu para unha publicación bastante extensa no teu Facebook persoal. A estrada Barreiro - Pomar de Suso quedou nun treito cunha deficiencia, igual vostede prefire que se marchen as máquinas que se vaia a empresa e non corrixe un erro, faime un graza que vostede asume os erros humanos fai un ratiño porque e que non asuma os erros que cometen as empresas, ademais a vixilancia e control sobre as obras que fai este goberno para que se corrixa se non quedan ben, pero deulle para unha extensa publicación incluso se sacou un refrán da manga, porque xa me pode dicir de onde saíu o de "tantos a manexar o mesmo volante que sempre se remata na cuneta", xa me dirá de onde sacou este refrán que a verdade é que me resultou moi curioso. Para falar da mala



xestión do goberno ata se inventa refráns. En definitiva, esa obra quedou ben executada, se houbo ese percance se corrixe como é lóxico en calquera obra e en calquera situación e a min o que me chega do veciños e veciñas e o bo resultado e a boa funcionalidade da obra que se acometeu.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Concelleira que vostede pretenda xustificar que aquilo quedou mal cando todo o mundo mirou que se parou de asfaltar, se remendou polos laterais e se seguiu asfaltando que marcharon as máquinas e como cinco días despois volveron as máquinas para asfaltar ese anaco, que vostede pretenda xustificar iso, iso deixa en evidencia e o respecto que ten pola empresa que recibe ordenes do goberno e concretamente de vostede.

6º.- Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos. Debido á demanda que sempre tivo e segue a ter a biblioteca municipal de Salceda pese aos problemas de rúidos que esta ten, o noso Grupo solicita que ademais do horario habitual ininterrompido de luns a venres, estableza en período de exames, é dicir, setembro e xaneiro e maio - xuño un horario extraordinaria abrindo a biblioteca os sábados pola mañá, xa que os Salcedenses teñen que desprazarse a Concellos veciños que si prestan este servizo, polo exposto anteriormente rogo a apertura extraordinaria aos sábados pola mañá da biblioteca municipal en período de exames.

Sr. Rodríguez Canosa: Recollemos o rogo, a verdade é que estamos nunha época un tanto complexa, vimos dunha pandemia na que os aforos na biblioteca era limitados agora volvemos un pouco aos aforos un pouco normais. Recollemos o rogo, falaremos cos técnicos e veremos como se pode facer, se é posible ou no, e xa miraremos, estudiarémolo.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila:

1º.- Son realmente coñecedores, ao noso entender, do grave erro na publicación da ordenanza do IBI, fixemos un escrito para que o goberno tivera coñecemento, unha vez que nos tivemos a ben ler esa publicación, queremos saber se iso vai quedar así, se vai a haber un publicación, se consideran que está ben publicado.

Sra. Alcaldesa: Ese erro advertirse no mesmo día que se enviou e realmente xa se enviou de novo e xa foi publicado no día de onte coa súa correspondente corrección.

2º.- Se vostedes son coñecedores e se realmente están cos veciños que teñen a problemática, sobre todo o que nos transmiten o propios traballadores de correos, da numeración feita polo goberno municipal nas parroquias e tamén no casco urbano e incluso algún nos chegou a dicir que estaba mellor antes que agora, se iso vai quedar así, se vostedes se plantexan facer algunha modificación desa numeración ou



se vai a ser como pasa agora, que non hai un criterio lóxico á hora de colocar os números. Hai centos de exemplos, poden vostedes ir varios barrios das parroquias onde ven que non se segue correlativa a numeración, hai o número 1 logo saltan ao 9, ningunha casa polo medio, ningunha parcela, ou se hai unha ou dúas enfronte están outros números, o 16 por exemplo, cousas que non teñen sentido nin lóxicas. Nós habiamos feito unha aportación de que se respectasen as construcións con licenza para que se reservasen os números, non o fixeron. Creo que hai exemplos onde se podía haber visto como caso de Vigo, Redondela, Mos, que fixeron as cousas como hai que facelas, dende un sentido e unha lóxica que é Plan Xeral, numeración con placas de diferenciación de todos os camiños públicos e dende a numerar e iso quedaría para toda a vida e non gastar o diñeiro público unha vez mais e dentro de x anos a quen lle toque haberá que volver a revisar e a renumerar porque está feito mal. Non se respectan as parcelas con número, non hai unha lóxica correlativa de numeración. A lóxica é Plan Xeral, nomeamento de todos os camiños públicos coa placa identificativa e en eses camiños públicos empezar a numeración camiño por camiño como se fixo en Vigo, Redondela en Mos, e iso se respecta as edificacións existentes correlativas e se deixa un número a cada unha das parcelas que nun futuro se poidan construír, ese é intocable durante décadas e iso é gastar o diñeiro unha sola vez. Van a deixar a numeración tal como está a día de hoxe ou pola contra dado as queixas dos veciños que me consta que vostedes son coñecedores, van facer algunha rectificación?

Sra. Pereira González: O traballo está feito por unha empresa especializada no tema cunha gran traxectoria e con bo criterio leva feito outros Concellos e utiliza criterios establecidos polo INE e por outros organismos e son criterios perfectamente válidos, O criterio que seguiu Mos é outro diferente, nós apostamos sempre por manter os barrios e non numerar os camiños, apostamos polos barrios e é un criterio perfectamente válido, a numeración que está agora é a que se pretende quedar, claro, se tratou de ir ao menor dano posible, naqueles barrios nos que medianamente o criterio era asumible tal como estaba se tratou de manter e outros houbo que facer renumeración. Xeralmente cando se fixo a renumeración foi no barrio completo e ao mellor hai sitios nos que ao mellor lles parece que estaba ben, que estaba mellor antes ao mellorar a súa e a do veciño e ao mellor ao conxunto do barrio na súa totalidade non, por iso foi preciso renumeralo. En principio esta é a numeración que vai quedar ao non ser que algunha cousa concreta como un caso en Parderrubias e que efectivamente a súa proposta era mais acaída ca que se había establecido e se fixo a modificación, ao non ser hai algunha cousa concreta en principio esta é a proposta que se a manter.

Sr. Rodríguez Davila: Eu reuninme coa empresa e a empresa transmitíume varios criterios e con outra empresa máis e o lóxico é aplicar iso que acabo de dicir porque iso perduraría durante décadas e o tempo o dirá.

Sra. Pereira González: Si escollemos ese criterio de camiños entón si que lle cambia a todo o mundo a dirección, non se mantén ningún. No noso caso optamos por manter



o criterio dos barrios.

3º.- **Sr. Núñez Troncoso:** No pleno de febreiro de 2020 presentamos un rogo respecto da situación lamentable do camiño da Crega en Mallón - Soutelo, ten buratos, ten pedras que impiden acceder ben cos vehículos á casa que alí se atopa. Teñen previsto arranxalo para que os veciños poidan acceder en condicións mais ou menos dignas a súa vivenda? E si o teñen previsto, cando?

Sra. Castiñeira Alen: Coñezo ese camiño, en varias ocasións achegueime a esa casa a falar cos veciños e veciñas, non é o mellor dos estados evidentemente, hai moitísimas necesidades no Concello e pouquiño a pouco irémolas subsanando, pero tamén vostede é coñecedor de que nos últimos anos se fixo recheo e compactado de zahorra para que pasaran con dignidade. Entendo que un asfaltado íntegro é o máis acaído pero nós temos que valorar sempre o número de veciños que se benefician. Para unha soa casa hai que facer esa inversión pero hai que medir sempre onde se realizan as inversións, vostedes non queren que teñamos ingresos pero si queren que gastemos en todas cantas estradas hai. Oxalá houbese financiamento para todas elas e oxalá os máis de 36 km de estrada estiveran en impecables condicións, sería ideal para unha concelleira de vías e obras.

Sr. Núñez Troncoso: Para matizar, o que hai que marcar son prioridades, alí sabe vostede perfectamente que hai unhas pedras que impiden acceder, o coche pasa pero moi xustiño.

Sra. Castiñeira Alen: Esas pedras sabe vostede dende cando están alí, máis ou menos levamos o mesmo tempo vivindo na parroquia e sabemos de cando están esas pedras e sabemos que ten propiedade e hai que pedilas.

Sr. Núñez Troncoso: Pero vostede sabe perfectamente que é un camiño público.

4º.- **Sr. Núñez Troncoso:** Respecto ao inventario de bens, o anterior Alcalde dixo que unha vez que se aprobara definitivamente se ían a inscribir esas fincas no Rexistro da Propiedade como bens municipais, queríamos saber si realmente se fixo esa inscrición no rexistro de propiedade ou non e si se comunicou ao Catastro a titularidade que ten o Concello sobre esas parcelas. Dígoo porque hai algunha parcela que están a nome dun titular que non é realmente o Concello, se houberan feito estas dúas actuacións non pasaría iso.

Sra. Alcaldesa: As inscricións non están feitas non lembro realmente o que dixo o anterior Alcalde, si ben e verdade que algúns erros que se están dando se están intentando subsanar a través de actas de cesión de envíos a Catastro de modificacións, de alegacións, de reclamacións e intentamos solventar os problemas que se van dando, non sei si está falando o Concelleiro do Partido Popular de algún caso concreto ou está falando en xeral.



Sr. Nuñez Troncoso: Hai algún caso concreto, si vostedes comprobán o inventario que está colgado na páxina do Concello o plano que está colgado non é o da aprobación definitiva, e o da aprobación inicial e despois houbo unhas alegacións que non están recollidas nese plano, si ben é certo que ahí están as fichas pero o plano xeral non é o plano do inventario final, definitivo.

Sra. Alcaldesa: Revisaremos si efectivamente é o definitivo ou non e intentaremos actualizalo.

5º.- Sra. Pérez Cabaleiro: Respecto aos Decretos, concretamente ao expediente 2132/2021 sobre a devolución da subvención do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, vemos que a este Concello se lle outorgou unha subvención de 18.407,19€ relativo ao Pacto do Estado contra a violencia de xénero e como podemos observar recoñeceuse a cantidade de 13.784,60€ como ingresos indebidos é dicir, que se tiveron que devolver por parte deste Concello e ingresar a favor da Delegación da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra e queremos saber a que se debe esta devolución.

Sra. Pereira González: Pacto do Estado ano 2017 se fixo primeiro o ingreso, funciona diferente que o resto das subvencións, cando te das conta tes o ingreso na conta e despois tes que xestionalo. Nós enviamos a xustificación do importe total pero polo que se ve non serviu a xustificación, o certo é que non recibimos ningunha comunicación, ningún requirimento, pero chegou ese requirimento en vía de apremio e ao estar a notificación nese estado temos que pagalo senón acabamos figurando como debedores, temos débeda en Facenda e non queda outro remedio que pagalo. A cantidade que houbo que pagar non é o total da subvención porque se descontou, se detraeu da subvención do seguinte ano. No ano 2017 a subvención se se executou e se pagou e se xustificou, o que non dín dende a Consellería é que esa xustificación non foi válida pero o certo é que o Concello non recibiu ningún requirimento de esa xustificación.

Sra. Pérez Cabaleiro: Realmente había un plan no que investir relativo ao pacto de estado contra a violencia de xénero e non executastes todo ese plan, porque evidentemente si devolvedes 13.784€ teredes que ter unha xustificación.

Sra. Pereira González: Estou dando datos e cifras de memoria e si queres o vemos no expediente con mais detemento, pero ven sendo, a nós se nos ingresa o diñeiro na conta sen solicitude sequera, hai un listado de Concellos adheridos que se publicou no Boletín Oficial da Provincia e o diñeiro se ingresou, de feito, se ingresou na conta do BBVA que é unha conta coa que non se traballa habitualmente e que se foi consciente do ingreso cando levaba unhas semanas o diñeiro ingresado. Unha vez que sabemos que temos o diñeiro, se executou, se fixo un libro de igualdade para nenos, o libro de Bolechas de igualdade e se imputaron unhas nóminas de traballadoras sociais vinculadas á violencia de xénero e esa xustificación se enviou pola totalidade, parece que non serviu esa xustificación, se estivo reclamando e xa



falamos coa Subdelegación, estamos esperando aínda unha notificación na que se nos diga porque non serviu a xustificación que nos enviamos. As cifras non che coinciden porque a realidade o que nos dín é que non valeu nada dos 17.000€ , ou sexa que a subvencións que se fixo e se executou non serviu esa xustificación pero temos que abonar 4.000€ porque o resto os 13.000€ os detraen do ano seguinte.

Sra. Castiñeira Alen: Si quedou certa dúbida de si había algún proxecto, algún plan, non, ingrésanche o diñeiro e non fai falta que presentes nin un plan, nin un proxecto, non hai solicitude. Si a túa pregunta era si se deixou de executar algún plan ao que ía destinada esa subvención non, porque non cho piden, ingrésanche o diñeiro, e despois gastámolo na edición do libro dos bolechas e nos pagos desas nóminas que fala Lucía pero non hai ningún plan, isto é aquí e en todos os sitios.

Sra. Pereira González: O meu reclamo é si non serviu o contido ou non serviu a forma na que se xustificou que non o sei, nos dan por inservible non sei si polo contido ou pola forma da xustificación é o que estou agardando recibir nalgún momento para non cometer o erro na seguinte xustificación.

6º. Sr. González Souto: Por medio dun rogo oral pedímoslles que actualizaran os plenos a disposición da veciñanza na páxina web do Concello, a súa disposición foi plena, asumían que estaba mal que non estiveran actualizalos e ían a subsanalo de inmediato, saben cal é a última data do pleno colgado na páxina web do Concello?

Sra. Alcaldesa: De memoria non o sei.

Sr. González Souto: Dígollo eu e o 17.12.2020, once meses, pediuse no seu momento, xa non só por nós senón polos veciños se queren consultar algunha acta, seguen sen estar actualizados.

Sra. Alcaldesa: Dende a etapa de pandemia e agora continúa seguen estando os vídeos na canle e pode calquera veciño achegarse a el, outra cousa é que se publiciten as actas, pero é verdade que esa cuestión de transparencia que entendo que é a que te refires con iso a temos cuberta.

Sr. González Souto: Non é o mesmo unha acta que un vídeo, non se utilizan para conseguir os mesmos fins, unha acta é unha acta.

Sra. Alcaldesa: Intentaremos colgalas, os recursos humanos son os que son pero o intentaremos por suposto.

7º.- Sr. González Souto: No último pleno ordinario quedara patente que non insistiran a Deputación para que se tomara conta do asunto do carril bici na retirada dos bordillos pero vostedes serios e rigorosos quedaron de enviarnos unha copia por escrito do que remitiran á Deputación, está escrito na acta que acabamos de aprobar do 26 de agosto, enviáronnos algo? Enviáronlle outro escrito a Deputación tal como



quedamos recordándolle o acordo do Pleno? E algo que levamos falando da súa perigosidade dos accidentes que se producen como tal, foi unha iniciativa que se aprobou no último pleno que está colgado o 17 de decembro.

Sra. Alcaldesa: Recentemente non enviamos unha nova comunicación, dende ese pleno ordinario que vostede fai referencia non se envía ningunha comunicación.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE